

# TESTEMUÑOS

---

Coordina: Engracia VIDAL

Seición fixa de ENCRUCILLADA.

Seición aberta.

Unhas páxinas onde poidan falar os grupos fundamentalmente. Sin que por iso nos pechemos as aportacións individuais.

Pensamos que nos pode axudar a:

conocernos

comunicarnos

sosternos no noso compromiso de fe en Galiza.

Son unhas páxinas que as facemos todos, a voz dos grupos non pode sair mais que dos grupos.

Somos conscentes tanto da necesidade —espresámola en casi todas as xuntanzas—, como da dificultade desta seición, que vai tropezar cos atrancos da comunicación escrita, e que ningunha pluma poderá suplir na derradeira hora cando chegado o día de entregar os orixinales ao prelo non haxa comunicacións...

Nembargantes abrimos a seición con xenio i esperanza.

TEDES A PALABRA

NOTA: Pra este número espallamos un fato de follas suxerindo facer unha breve esposición *dos interrogantes* que tiña o grupo neste intre.

Pra o proisimo agardamos vosas suxerencias, inda mais, moito agradeceríamos os nomes i enderezos de todos aqueles que desean colaborar.

## INTERROGANTES DAS COMUNIDADES CRISTIÁNS

Inquérito de E. V. E.

Nunha xuntanza feita ó fin do vrao por cregos da diócese de Santiago, que traballan coa xuventú, creáronse tres fatos correspondentes as zoas da Cruña, Santiago e Pontevedra. O de Santiago lévase reunindo dende os comezos deste curso i está

formado por 5 cregos, 4 relixiosos/as e 8 leigos/as, que traballan a nivel xuvenil en catro parroquias, dous colexios de BUP e un movemento apostólico.

**Os nosos interrogantes fundamentais se prantexan:**

1) De cara ós nosos fatos de educadores: ouxetivos pouco concretos; falla de concencia crítica, de metodoloxía, de revisión das actividades; pouca maduración na fe.

2) De cada á súa inxerción no medio: descoñecemento da realidade e da problemática dos barrios ou do medio, falla dun compromiso activo nese medio.

3) Cara ó método de traballo: dámonos conta da nosa inadaptación á mentalidá xuvenil tanto no linguaxe como no achegamento á súa problemática, medio, tipo de vida, etc.

4) Falla de formación, relación e planificación máis ou menos común dos que traballamos na mesma liña, anque en fatos distintos. Neste intre prantexámonos os vieiros comuns que podemos escomenzar a andar como educadores xuveniles, co fin de que os nosos fatos señan auténticamente educativos, críticos, inxertados no medio, i escomenzen a darlle unha resposta cristiá. á súa realidade.

**FATO DE EDUCADORES XUVENILES DE SANTIAGO**

Somos un grupo de reflexión cristián, que nos vimos xuntando pra plantexarnos en común a nosa vida de fe partindo da letura do Evanxelio.

Intentamos que esta letura non sexa teórica senón que dela arranque o compromiso que cada quen do grupo está a realizar no seu ambiente e na medida en que é capaz de comprometerse.

Andamos a buscar o senso auténtico do Evanxelio.

—¿Qué identidade supón en nós o encontro co senso auténtico do Evanxelio?

—Actitude de probeza

—Actitude de igualdade

—Actitude de servicio

A imaxen de Deus que tiñamos fai unhos anos non nos sirve.

—¿Onde está o Deus que nos fai falla pra arrincarnos a andar?

—¿Cales son os rasgos característicos dese Deus?

Preocúpanos moito tamén o compromiso cristián.

—¿Hasta onde nos ten que levar?

—Nós atopámonos metidos nuns feitos moi concretos, ¿qué nos esixe ahí a nosa fe?

Unha Eirexa libre e liberadora, auténtico pobo de Deus...

**G. R. de C.**

No mes de maio do derradeiro curso, xuntámonos un grupo de estudantes cristiáns pra reflexionar sobor do papel que debería xogar a Universidade na realidade galega, e o noso compromiso co ela. As nosas liñas fundamentáis son: un movemento de Eirexa, educador-liberador e militante.

**Algúns dos nosos interrogantes son:**

¿Cómo facer realidade a vida da fe na Universidade?

¿Qué aporta a fe cristián ao compromiso político?

¿Cómo dar o paso de un análisis da realidade a unha catequesis cristián; paso a dar de unha fe tradicional a unha fe comprometida; metodoloxía a seguir.

### **MOVEMENTO DE ESTUDANTES CRISTIANS GALEGOS**

Xuntámonos a miudo pra celebracións, revisións, ou planteamentos de actividades na Parroquia.

Hoxe imos compartir a celebración penitencial nas vísperas do Nadal.

A nosa altitude ante o cambeo político-social do país. Analizamos primeiro a profundidade deste cambeo no político, social, cultural i económico, e como iste cambeo incide na familia e no home.

Esperimentamos a falla de formación pra este momento, na xente que nos rodea i en nos mesmos.

Chegamos a conclusión da importancia dos grupos neste ntre e da súa necesidade de iniciativa e participación. A nosa postura de cristiáns ten que ser aberta a todas as ideoloxías. Participativa en todas aquelas accións que axuden a humanizar.

Tomamos o compromiso de participar na Asociación de veciños do barrio. Potenciar o servizo de ancianos. Facer unha bolsa de axuda aos mais débiles. E adicarlle tempo a nosa formación político-social.

**COMUNIDADE DE SANTA CRUZ DE CANIDO**

Fundada ó fin de 1970, esta parroquia comprende unha ampla barriada obreira dun suburbio tradicional e moita construción nova con familias de empregados, traballadores diversos e xente inmigrada do campo, chegando case ós 12.000 habitantes. A tarefa catequética se prantexou como o primeiro traballo pastoral e a ela adicanse os principais esforzos e medios da parroquia. Actualmente ten en marcha tres centros catequéticos: un pra os nenos da primeira etapa de EXB, outro pra os da segunda etapa, e outro pra os adolescentes/xóvens. Algo máis de 50 catequistas (xóvens e casados) traballan nos tres centros e coordinanse por medio dunha comisión xeral. A máis das reunións de traballo e convivencias propias de cada fato, tivemos no fin de novembro unha xuntanza xeral, que prantexou a situación e marcha da nosa acción pastoral.

**Os interrogantes fundamentais que xurdiron nela, pódense concretar así:**

—¿Cáles son as responsabilidades e tarefas que debemos asumir na marcha da comunidade parroquial, dada a nosa adicación ás tarefas eclesiais?

—¿Cómo levar unha acción pastoral realista cos nosos nenos e adolescentes si non coñecemos ben as persoas, problemática, forzas e realidades de todo tipo que estanse a mover nun barrio tan heteroxéneo?

—¿Cál é a incidencia do noso traballo nos adultos?

—¿Cómo debe reflexarse este traballo pastoral na maduración das persoas, fatos e comunidade dos propios catequistas.

### **CATEQUESE PARROQUIAL DE SAN PEDRO, SANTIAGO**

**Nosos interrogantes de fe:**

¿Cómo facer diálogo serio e fondo cristiano-marxista? Deixarse xa de apoloxéticas ou de defensas.

¿Cómo asumir o valor de canto hai de verdade nas ideoloxías sin medo, sin trabucamentos, sin oportunismos, mais tamén sin servilismos nin admiracións papanatistas, con postura científica. ceibe e adulta.

¿Cómo deixar o opio da relixión para atopar o cristianismo? Mais tamén descubrir os opios novos do ateísmo que tamén non ven sin eles.

¿Cómo entablar o diálogo cos ateos?

¿Cómo vivir a oución pola pobreza evanxélica que desterre a pobreza das miserias estruturales?

¿Cómo ser ceibes como grupos novos da Igrexa sin mimetismos, con creatividade, con pulo dinamizador?

¿Cómo ir a descuberta das formas auténticas do catolicismo profundo galego?

### GRUPO DE PIÑEIRO

O Evanxelio, “nalgún tempo”, foi anuncio liberador **efectivo**, un shock, unha verdadeira revolución, naquel intre xudeu. Hoxe non se palpa esa efectividade. ¿Por qué?

¿Cómo descubrir a menxase evanxélica cos presupostos humanos e socio-políticos e culturais de hoxe? Coidamos que a “Revelación Divina” non se fechou aínda, e pobre da nosa fé si se fechase coa última liña do Novo Testamento!... Boa Nova si-guen sendo moitos dos acontecementos actuais ou palabras de homes de hoxe, documentos todos que traen sinal de Deus.

¿Cómo vivir en tensión (“Vixilade”, decía Xesús), non dormir até que esfolemos a Igrexa (¡nós!) de tantos “ismos” que se lle foros pegando a través dos tempos, desde os estoicismos, maniqueísmos, até o mesmo “papaísmo” (chámesse dogmatismo ou...). Hai que botar fora tantas “Romans” escandalosas do mundo cristián que están impedindo a verdadeira chegada do Reino (e non o puro sentimentalismo co que algúns adornan esta frase). Se temos a verdade connosco, ¿a qué temer? E se non a temos, ¿a qué seguir defendéndoa, cando o compromiso ha ser buscar novos camiños?

### CARIÑO

**Os interrogantes de cara á fe** que neste intre se me plantexan, pódense resumir n dous:

O qu se sigue da miña condición dunha sociedade secularizada, e o que fai xurdir en min o feito de ser galego. Ambolos dous —cada un do seu xeito— fanme replantexar a miña fe tanto no eido da comprensión da mesma fe como no da sua praxis.

Si estes son os interrogantes xa queda sinalado, polo feito de telos apuntados, o xeito de compromiso que cobizo: asumir con todas as consecuencias a realidade galega, que é a miña mesma realidade e a de todos galegos; desbotar calquera forma de relixiosidade que contribúa a seguir mantendo no noso pobo unha práctica relixiosa adormecente; e derradeiramente esforzarme coa axuda do Espírito, por descubrir a presenza gratuita de Deus, feito home en Xesús, en todos os acontecementos da vida do meu pobo, maiormente naqueles nos que se xogan o porvir dos grupos ou das persoas mais miserentas.

Coido que a nosa tarefa como igrexa é hoxe mais crara que nunca, por moito que coas nosas sofisticacións ás veces encerellemos abondo as cousas.

Serían necesarias actitudes como as seguintes:

—Falar menos e servir mais. As nosas eirexas e xuntanzas cheiran a palabras valeiras e apodrecidas.

—Outar claramente pola realidade galega deixándose dunha vez de actitudes ambivalentes e indecisas.

—Apoiar todo relanzamento de cara a unha estrutura de sociedade nidiamente socializada, a que hoxe por hoxe está mais perto do espírito cristián.

En consecuencia amosstrar nunha ética económica social e política anovada, na que aparezan con craridade as forzas anticristiáns e antihumanas que xermolan no cerne da comprensión capitalista da sociedade.

—Esforzarnos por recibir unha formación humán e relixiosa sería que nos permita enfrentarnos co mundo de hoxe, con autonomía do seu, sin traumas de ningún tipo.

—Atopar no corazón de todo este mundo noso Xesús que nos chama e nos alenta.

**Bernardo Regal**

Estas esposicións de interrogantes son o froito da primeira chamada á colaboración. Velahí cómo están facendo ao mesmo tempo de **nova chamada** pra todos os que queirades continuar o diálogo. **TEDES A PALABRA.**